



BASES: X CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA.

25 de agosto de 2024

1ª. - Poderán participar neste certame tódolos/as artistas que o desexen. Cada participante só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno á paisaxe, e o espazo físico no que se realicen debe ser no entorno que abrangue o paseo marítimo, a praia da Madalena, o paseo da Mariña, zona do río Condomiñas, praia da Area Longa, casco vello e Porto de Cedeira. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural, non poidendo utilizarse para tal fin fotografías tomadas con antelación.

Os/as pintores/as deberán mandar vía whatsapp ao número 649876614 a localización do lugar onde vaian realizar a súa obra.

3ª. - O certame terá lugar o domingo 25 de Agosto de 2024. As inscricións realizaránse o mesmo día do certame de 9.00h. a 11.00h. no posto de turismo e información situado na rúa Ezequiel López e serán gratuítas.

4ª. - Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se expoñerá a súa obra posteriormente.

5ª. - O soporte non superará as medidas de 100 x 81 cm., e presentarse o día do certame de 9:00 a 11:00 h. da mañá no posto de inscrición (punto 3) para ser selado.

6ª. - O tempo para presentar as obras rematará as 17:30 horas e realizarase no control establecido na sala Áncora na praza Roxa, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18:30 horas. As obras participantes permanecerán en exposición na propia sala, ou no exterior en caso de que as condicións climatolóxicas o permitan, ata as 20:00 h. Os participantes con cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras durante o tempo de exposición asinándoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe.

7ª - O xurado que avaliará as obras está composto por profesionais das artes plásticas, sendo os seus membros os seguintes:

Presidente: Xosé Antón Arribe Rodríguez - Concelleiro de Cultura

Vogal: Sarah Louise Jeffery - artista local

Secretario: Andrés Urrutia Beato - pintor

8ª. - As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Cedeira, así como os dereitos de reprodución.

9ª. - Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º. - 900€ e diploma

2º. - 700€ e diploma

3º. - 500€ e diploma

4 accésits de 100 € cada un.

10ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán poñerse en contacto co número 649876614

11ª. - A participación neste certame implica a aceptación total das presentes bases.

En Cedeira, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.